



Bocados de Outono, ruta para descubrir a nosa gastronomía

O Concello de Oroso organiza a segunda ruta gastronómica "Bocados de Outono", na que tomarán parte 8 locais do municipio que durante os días 24, 25 e 26 de novembro obsequiarán a todos os seus clientes cun bocado especial con cada consumición. A concelleira de Comercio, Vanesa Boo, explica que "trátase dunha iniciativa para atraer un maior número de visitantes a Oroso e dinamizar a nosa hostalería ao tempo que promovemos a nosa gastronomía local e de temporada entre todos cantos nos visiten".

Os locais participantes son: Sigü Café, Mesón Tambre, Cafetería-Bar 6

Ríos, O Café de Manuela, Adegas O Ribeiro, Café-Bar Restaurante Mirás, Café-Bar Xardín e Bar Tapas. Vanesa Boo salienta "a colaboración ofrecida polos hostaleiros" e está convencida de que "as súas propostas serán moi atractivas tanto para a veciñanza de Oroso como para a nosa contorna".

As propostas culinarias fan honra ao nome da ruta, "Bocados de outono", pois son tapas elaboradas con produtos de temporada: caldo galego, castañas, grelos, xabaril ou cogomelos, cuantitativamente o produto máis escollido. A diferenza do Concurso de Tapas, nos "Bocados de



Outono" non haberá premios, salvo degustar un sabroso bocado con cada consumición. O horario é o seguinte: venres 24 (de

20:00 a 22:30 horas), sábado 25 (de 12:00 a 15:00 horas e de 20:00 a 22:30 horas) e o domingo 26 (de 12:00 a 15:00 horas).

II RUTA GASTRONÓMICA BOCADOS DE OUTONO

ESTABLECEMENTO	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
Sigü Café	Tosta de revolto de cogomelos e gambas	Potaxe de garavanzos con bacallau	Caldo galego
Mesón Tambre	Tostas con marmelada de castañas e touciño entrefebrado	Lacón asado con salsa de castañas e patacas asadas	Tostas con marmelada de castañas e touciño entrefebrado
Cafetería 6 Ríos	Toleaches pola peneira	A lenda do Montelongo	Se chove, deixa chover
O Café de Manuela	Risotto con cogomelos e verduras	Espetada de polo con verduras e crema de queixo de Arzúa	Risotto con cogomelos e verduras
Adegas O Ribeiro	Revolto de cogomelos	Roliño de col	Pechado
Café bar restaurante Mirás	Canelóns con castañas e parmesano gratinado	Risotto con cogomelos e boletus	Canelóns con castañas e parmesano gratinado
Café bar Xardín	Estufado de xabaril con castañas e mazás	Estufado de xabaril con castañas e mazás	Estufado de xabaril con castañas e mazás
Bar Tapas	Grelos salteados	Roliños de outono	Roliños de outono



Descarga a APP no teu móbil dende www.concellooroso.com, envíanos as incidencias que vexas e resolverémolas o máis axiña posible





O Concello de Oroso terá unha participación activa no Fairway

O Concello de Oroso terá unha participación moi activa no II Fórum do Camiño de Santiago, Fairway, que terá lugar do 12 ao 14 de novembro no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela. Un evento que contará con 60 expositores e máis de 100 entidades presentes canda turoperadores de 14 países distintos, representantes de turismo das distintas autonomías e membros do goberno da prefectura de Wakayama (Xapón), sede do Camino Kumano Kodo. Persoas e entidades aos que o Concello de Oroso dará a coñecer todo o traballo levado a cabo para promover o Camiño Inglés, con especial mención ao Centro de Estudos e Investigacións do Camiño Inglés e eventos como o Encontro Internacional no Camiño Inglés, canda todos os atractivos paisaxísticos, culturais e gastronómicos do noso municipio.



Oroso, na anterior edición de Fairway

O concelleiro de Turismo, Antonio Leira, explica que "imos aumentar a nosa participación con respecto á de hai dous anos e participaremos tamén nas mesas redondas e nas ponencias do congreso do Fairway". De feito, o propio Leira Piñeiro moderará a segunda das mesas de debate do congreso: "Planificación, coordinación e Dixitalización: Camiño Inglés" (luns 13, ás 18:00 horas). A participación é de balde, se ben é preciso anotarse previamente a través da páxina web: <http://www.fairwaysantiago.com>.



Melloras na sinalización das parroquias e solución aos cruces coa Grabanxa

O Concello investiu máis de 12.000€ na mellora da seguridade viaria nas parroquias na primeira fase do seu plan de mellora da sinalización horizontal e vertical. Colocáronse reduutores de velocidade e sinais luminosas, repintouse a sinalización horizontal e substituíronse sinais deterioradas. A segunda fase estará centrada en Sigüeiro, onde se investirán 30.000 € e estará rematada antes de fin de ano. Onde xa actuou o Concello foi en aumentar a visibilidade nos cruces coa avenida da Grabanxa, onde se ancheou a beirarrúa e se colocaron bolardos para evitar que vehículos aparcados dificulten a visibilidade.

Ignacio Pereiro presenta a súa novela de fantasía épica "La Leyenda de..."



O centro cultural de Sigüeiro acollerá o luns 27 de novembro, ás 20:00 horas, a presentación dun libro publicado por un veciño do municipio: Ignacio Pereiro. Veciño de Porto Chao, Nacho, que escribe bajo el seudónimo de N. Wolf, presentará a súa novela de fantasía épica "La Leyenda de... Parte I. La espada de Orec", editada por Círculo Rojo. Un libro emprazado nun tempo lonxano no que convivían humanos, elfos e ananos e que o propio Nacho cualifica como "un xogo constante. Entre as súas follas escóndense moitos misterios, que o lector ten que ir descubriendo". Entrada libre.



II FESTA DO MAIAGO
11 de novembro
LÓCAL SOCIAL DE SENRA
Con empanada, chourizos e castañas, bagaña, merenda e sorpresas!

Non esqueza o concurso de tortillas!
Vale de 30€ para a familia gañadora
(+ prazo e tarde para a familia gañadora)

PRECIO PARA INDIVIDUAIS: 1€ (incluído o pago ata o 3 de novembro) 2€ para adultos, 1€ para menores de 12 anos. PRAZAS LIMITADAS.

OROSO

BAILES PARA MAIORES
A PARTIR DAS 19:30 H.
CENTRO CULTURAL DE SIGÜEIRO DE CADEA E NACHO
-TODOS OS SÁBADOS
ORGANIZA: CONCELLO DE OROSO

OROSO

ASOCIACIÓN CULTURAL: AMIGOS DO ACORDEÓN SIGÜEIRO-OROSO

CLASES DE ACORDEÓN

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN:
NO TELEFONO 674 91 079
PERSONA DE CONTACTO JOSÉ RAMÓN

PERMISIÓN DE FACER: VÍCIOS NAS PARROQUIAS

OROSO

NOVEMBRO
24/26

Chamamento a tinguir Oroso de negro co gallo do Día da Loita contra a Violencia de Xénero

OROSO
EN NEGRO

O Concello de Oroso adhírese á campaña "En negro, contra a violencia", unha iniciativa na que participan 72 concellos e que pretende tinguir de negro o municipio a través dos escaparates do comercio, da roupa de traballo, dos balcóns do municipio... un loito en sinal de dor por todas as mulleres que sofren violencia machista e como resposta á máis dura das súas consecuencias: a morte. A campaña porase en marcha entre o 24 e o 26 de novembro. Así, o Concello de Oroso repartirá mochilas negras coa lenda "Oroso en negro" entre todo o alumnado do municipio (IES, CRA e colexios). Ademais, os máis pequenos tamén asistirán á representación de "O Cardume", para sensibilizalos a prol da igualdade. Pero a acción principal terá ao sector comercial coma protagonista. Neste sentido, a concelleira de Muller, María del Carmen Liste, salienta "a gran implicación do comercio orosá e, en especial, da asociación Sigüeiro vende, que dende o primeiro momento amosaron o seu interese en visibilizar unha lacra social como é a violencia contra as mulleres". Así, durante o venres 24, o negro será a cor principal no comercio orosán, con carteis, camisetas e mandís co lema "Oroso en negro". Unha iniciativa na que o Concello conta coa colaboración da Deputación da Coruña e Gadisa. Por último, dende o Concello animamos a toda a veciñanza a sumarse á iniciativa colgando prendas negras nos balcóns e fiestras das súas vivendas durante eses tres días.



Catro actuacións teatrais para poñer o broche de ouro ao Outono Cultural

O "Outono Cultural" chega á súa fin en novembro, onde o teatro será o protagonista absoluto: 4 actuacións gratuítas no centro cultural de Sigüeiro, dúas para un público infantil e outras dúas para un público adulto. Carumuxo Teatro abrirá o telón con "As fabas máxicas", para un público a partir dos 4 anos, o domingo 12 de novembro, ás 18:00 horas. O venres 17, ás 21:00 horas, Teatro Chévere representará "As fillas bravas", dirixida a un público adulto. Tamén para maiores é "O caso é ter saúde", de Teatro Malasombra, que terá lugar o venres 24, ás 21 horas. Pechará o programa Teatro Baobab, con "Fíos", o domingo 26, ás 18:00 horas, para maiores de 3 anos.

Vantaxes para os socios da Biblioteca Municipal coa Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia

NOVEMBRO
10/15

A Biblioteca Municipal de Oroso estará pechada ao público os días 10, 13, 14 e 15 de novembro debido aos traballos de adaptación ao novo programa de xestión, froito da súa integración na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. Un cambio que traerá múltiples vantaxes para os socios da biblioteca orosá, pois o seu carné será válido para todas as bibliotecas da Rede, poderán sacar libros en calquera delas, e terán acceso a un catálogo maior de títulos. Incluso poderán reservar libros, tanto na biblioteca de Oroso coma noutras doutras cidades, e facer consultas online comodamente dende as súas casas.

**MELLORA TÚA FORMA FÍSICA
NOVOS GRUPOS. APUNTÁTE !!**

CROSS TRAINING **CICLO INDOOR**

CROSS TRAINING
LUNS E XOVES
DE 11:00 a 12:00

CICLO INDOOR
LUNS E XOVES
DE 18:00 a 19:00

Organiza: **OROSO** Co Deputado

Colabora: **Colobom**

INSCRIPCIÓN OFICINAS CENTRO DEPORTIVO
www.oroso.es 981927901

**VI CAMPIONATO
PATINAXE ARTÍSTICA**
CLUB PATÍN OROSO

Pavillón Juanito Amigo Sigüeiro
Sábado 18 e Domingo 19 de Novembro

PATROCINA:

Deputación de OROSO
HELVA
CENTRO DEPORTIVO
CASA DE GALIARZA
SARINHA

ATLETISMO RUNNING

ASESTADORES:
NUNO COSTA • DAVID SENHA

INSCRIPCIÓN
OFICINAS CENTRO DEPORTIVO
www.oroso.es 981927901

Organiza: **OROSO**

Colabora: **Colobom** **senha** **OROSO**

NEÑOS/AE A PARTIR DE 8 ANOS E ADULTOS

MARTES E XOVES
INFANTIL DE 16:00 a 17:00
ADULTOS DE 21:00 a 22:00

INSTALACIÓN
CEIP CAMIÑO INRES

Edita e imprime:
Concello de Oroso

Telfs: **981 691 478**
981 690 903

www.concellooroso.com
info@concellooroso.com



Oroso celebrou o Día Internacional da Biblioteca co espectáculo "Picadiscos", coa artista Mari Faltri. Ademais de cantar, bailar e mesmo tocar algún instrumento musical, os pequenos e as súas familias coñeceron as novidades editoriais da biblioteca municipal.



O noso veciño Jorge del Oro vén de presentar en Sigüeiro o seu segundo libro, "Fresas para Kalíope", unha selección de 25 relatos curtos e ilustracións que tes á túa disposición en Amazon.es. O concelleiro Luís Rey salienta que "cada día máis veciños se dedican á arte".



Un total de 45 maiores participaron nunha viaxe a Cedeira e San Andrés de Teixido, acompañados polas concelleiras de Atención ao Maior, Vanesa Boo, e Benestar Social, Beatriz Rodeiro. Tras unha visita guiada ao santuario, xantaron e coñeceron Cedeira pola tarde.



O I Encontro Internacional do Camiño Inglés reivindica a protección do itinerario Xacobeo

O centro cultural de Sigüeiro acolleu o I Encontro Internacional do Camiño Inglés no que prestixiosos poñentes expuxeron os seus estudos sobre o itinerario Xacobeo e reivindicaron a súa protección. Un encontro inaugurado pola directora da Axencia de Turismo de Galicia, Nava Castro, e o deputado provincial de Turismo, Xosé Regueira, no que se descubriu unha placa de homenaxe á primeira peregrina do Camiño Inglés, Margery Kempe.



Máis de 60 familias participaron en "Percubebé", un espectáculo musical da compañía Apego dirixido a nenos/as menores de 3 anos. O concelleiro de Cultura, Luís Rey, comprometeu novas iniciativas para a primeira infancia ante o éxito de participación acadado.



Sentida homenaxe a M^a del Carmen Villaverde Mosquera, M^a del Carmen Casas Varela, Manuel Varela Blanco e Ramón Louzao Pérez, catro funcionarios/traballadores que se xubilaban tras dedicar gran parte da súa vida laboral ao benestar da veciñanza de Oroso.



As V Xornadas Micolóxicas de Oroso volveron ser un éxito de participación. Unha trintena de veciños/as recibiron unha charla de introdución á micoloxía do biólogo Martín Souto e logo saíron a pañar cogomelos, que despois clasificaron e mesmo degustaron no Mariñaos.